

Bases OIG 2026

O Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración coas tres universidades públicas galegas, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo), organiza a Olimpíada Informática Galega 2026, que dá acceso á XXX Olimpíada Informática Española (OIE).

O obxectivo da Olimpíada Informática Galega, destinada a estudantes de secundaria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio, é a promoción do coñecemento e das vocacións nesta disciplina, tan presente en todos os ámbitos hoxe en día e necesaria para a formación integral da xuventude.

1. Participantes

A participación na Olimpíada Informática Galega 2026 realízase de xeito individual. Pódense inscribir estudantes de centros públicos, concertados e privados de Galicia matriculados durante o curso académico 2025/2026 nalgún curso da ESO, bacharelato ou ciclos formativos de grao medio, sempre que teñan menos de 20 anos de idade o 1 de xullo de 2026.

2. Data e lugar de realización da proba

A Olimpíada Informática Galega 2026 terá lugar o venres 6 de febreiro de 2026 pola tarde de xeito presencial na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (coa colaboración da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela e da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo), coa seguinte axenda preliminar:

15:30 h Recepción de estudantes e acceso ás aulas.

16:00 h Benvida por parte do comité organizador e presentación da Olimpíada

16:45 h Entrega de credenciais de usuario/a e conexión á contorna de desenvolvemento da proba

17:00 h Inicio da proba

20:00 h Fin da proba

20:15 h Acto de clausura, incluíndo a resolución do xurado

3. Pre-inscrición e inscrición final

O estudantado interesado en participar debe realizar unha pre-inscrición a través do formulario habilitado na web da OIG (oig.gal) antes das 23:59 horas do día 23 de xaneiro de 2026.

O número máximo de participantes na OIG 2026 será de 40. No caso de que o estudantado pre-inscrito supere ese número, a selección das 40 persoas participantes realizarase por orde de clasificación

na edición anterior e orde de pre-inscrición en caso de empates. Neste caso, a listaxe de persoas seleccionadas e a lista de agarda darase a coñecer o 26 de xaneiro de 2026.

Unha vez determinado o estudantado participante final, este terá que realizar unha inscrición previa á OIG 2026 na que será requisito indispensable enviar unha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a legal, en caso de estudantes menores de idade, para a participación na OIG 2026 seguindo un modelo que será facilitado ás personas inscritas.

4. Desenvolvemento da proba

A proba consistirá na resolución de un número entre 6–8 problemas nun prazo de tres horas. Cada problema deberá resolverse mediante unha linguaxe de programación que permita automatizar a súa resolución. Permítese o uso de C++, Python ou Java.

Os/as estudantes deberán realizar a proba cun ordenador facilitado pola organización dotado coa contorna de programación necesaria para a programación nas tres linguaxes (é dicir, incluírá os compiladores e aplicacións de desenvolvemento necesarias). Desde ese ordenador accederase á plataforma para o envío das solucións (xuíz *online*) a través dunha ligazón URL e credenciais de acceso que se facilitarán ao inicio da proba.

A contorna de desenvolvemento da proba non terá conexión externa a internet; só se poderá acceder ao xuíz *online*. Si estarán dispoñibles manuais e documentación das linguaxes C++, Python ou Java.

Os/as estudantes poderán introducir na proba unha folla con información que lles sexa de utilidade para a súa realización (exemplos de códigos, por exemplo). A folla, que pode estar escrita polas dúas caras, será selada pola organización ao inicio da proba. Durante o desenvolvemento desta facilitaráselles un bolígrafo e follas en branco, tamén seladas pola organización, a modo de apoio para a resolución dos problemas.

5. Clasificación final e premios

A clasificación estará determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada problema e non será pública ata a resolución do xurado ao remate da Olimpíada. As persoas participantes si poderán coñecer en todo momento durante o desenvolvemento da proba a puntuación obtida en cada problemas, pero non as puntuacións obtidas polos/as restantes participantes.

Cada problema terá definido un conxunto de subtarefas, que concederán unha cantidade determinada de puntos. A solución enviada por un/ha participante para unha subtarefa dun problema considerase correcta se coincide co resultado correcto para o conxunto de entradas definidas previamente polo equipo organizador da Olimpíada. Se falla algún caso de entrada, a solución da subtarefa considerase incorrecta. Nese caso, o/a participante poderá volver enviar novas solucións para esa subtarefa ata que algunha sexa correcta mentres o concurso non remate. Non haberá penalización ningunha por enviar solucións incorrectas.



A clasificación final estará determinada pola suma das puntuacións obtidas para todas as subtarefas de todos os problemas unha vez remate a proba ás tres horas. En caso de empate a puntos, terase en conta o tempo necesario para acadar esa puntuación, de modo que quedará por diante na clasificación o/a participante que antes resolveuse o súa última subtarefa que deu lugar ao empate.

As persoas que acaden os dous primeiros postos na clasificación da OIG 2026 poderán participar na Fase Nacional da OIE 2026, que se celebrará en Valladolid do 10 ao 12 de abril de 2026. As organizacións da OIE e da OIG correrán cos gastos de viaxe e aloxamento. Do mesmo modo, as catro mellores persoas clasificadas da Fase Nacional poderán participar na International Olympiad of Informatics 2026, que se celebrará en Uzbekistan.

Adicionalmente, e grazas ás entidades patrocinadoras do evento, haberá premios para algúns dos seguintes postos na clasificación, ademais de para a mellor programadora muller e para o/a mellor participante da ESO.

Con posterioridade á celebración da OIG 2026 organizarase un acto de entrega de premios, cuxa data e lugar se comunicarán ás persoas premiadas coa suficiente antelación.